



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP CARLOS CASARES
CURSO: 5º CURSO
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
DATA: 12 DE MAIO DE 2020



ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**



1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia clave
<ul style="list-style-type: none"> • Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo/a e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo o natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. • Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> • Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica. 	<ul style="list-style-type: none"> • Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. • Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> • Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo– temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. 	<ul style="list-style-type: none"> • Adapta os desprazamentos, saltos, lanzamentos, recepción, golpeos, xiros,... axustando a súa realización aos parámetros espazo–temporais e mantendo o equilibrio postural. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CSIEE • CCEC
<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo/a. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA • CSIEE • CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> • Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva, en diferentes situacións motrices. • Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo–temporais. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • Relacionar os conceptos específicos de Educación Física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico–deportivas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición. • Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA • CSC • CCL
<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando situacións, emocións e ideas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza coreografías mediante a visualización de diferentes videos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC • CAA • CSIEE



2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Nesta 3ª avaliación, o procedemento é a observación dos vídeos e fotos que manden os alumnos/as das tarefas feitas na casa.
	Instrumentos: O único instrumento que temos para poder ver as tarefas que realizan os alumnos/as nas casas, é a través de vídeos e fotos das actividades que se propoñen semanalmente na plataforma dixital Edmodo.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Dado que xa temos a referencia da 1ª e 2ª avaliación, neste 3º trimestre faremos unha valoración sempre positiva, facéndolle caso ás instrucións da Consellería. O que nunca faremos é baixarlle a nota a ningún alumno/a nesta terceira avaliación.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Non hai alumnado con materia pendente.
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:



3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades do 3º trimestre, son actividades pensadas para poder realizarse na casa, coa complexidade que presenta, tendo en conta que estamos falando de Educación Física. Normalmente son vídeos descargables coas tarefas que teñen que realizar, tipo retos, coreografías, xogos, etc...dos cales poden reenviar un vídeo ou foto, facendo eles a actividade.</p> <p>Tampouco quero interferir moito, porque as realidades de cada familia son distintas e non todo o mundo ten a posibilidade de poder facelo, ou que lle poidan axudar, esta é unha das dificultades máis grandes deste terceiro trimestre.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía é totalmente directa, a través da plataforma interactiva Edmodo, envíaselle a información semanal das tarefas, todos os luns, para que teñan toda a semana para realizalas.</p> <p>En canto ao alumnado sen conectividade, mándanselle as actividades impresas a través de Protección Civil do Concello de Xinzo.</p>
Materiais e recursos	<p>En Educación Física estou empregando a plataforma dixital Edmodo, e a través dela temos a canle de comunicación directa coas familias, na que poden preguntar dúbidas e subir os vídeos e fotos das tarefas realizadas.</p> <p>Os que non teñen conectividade, reciben as tarefas a través de Protección Civil do Concello de Xinzo.</p>



4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A información ao alumnado e ás familias chega a través da plataforma Edmodo e para os que non teñen internet, vía Protección Civil.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

PÁXINA 5 DE 5

CENTRO:
CURSO:
MATERIA:



[Escriba aquí]

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.